

Antía Yáñez, escritora: "O que está pasando si que parece o preludio do Gran Cataclismo"

Seis anos despois da publicación da primeira parte de *Be Water*, distopía feminista e medioambiental, chega *Be Water II: Terra*, segunda parte do que será unha triloxía.

[Chus Gómez Dorrego](#) 19 de febreiro de 2026

<https://www.diariodepontevedra.es/articulo/cultura/antia-yanez-escritora-que-pasando-que-parece-preludio-do-gran-cataclismo/202602190500061433881.html>

Seis anos despois da primeira entrega, *Be Water* (Cuarto de inverno, 2019), chega a segunda parte desta [novela](#) distópica na que Antía Yáñez (Burela, Lugo, 1991) continúa coa aventura da moza Iolanda e a súa filla, a bebé Lucrecia, que conseguiran fuxir das súas miserentas vidas na Colmea. Alí naceran e vivían despois de que o Gran Cataclismo rematara con todos os seres humanos do Exterior no planeta Terra.

***Be Water II: Terra* (Cuarto de inverno, 2025) publicouse seis anos despois da primeira parte. A que se debeu?**

Estiven a outros proxectos, non me deu a vida. Gustárame telo sacado antes, pero... Encima en 2023 fun nai. Era difícil.

Sentía a demanda do lectorado ou a presión da editorial para que continuase a historia?

Demanda si, moita xente mo dicía, pero presión non. Nin da editorial. De feito eu dicíalles *presionádeme máis, porque o estou pospoñendo e non pode ser*. Sempre respectaron moito os tempos. Como non teño data de entrega vouno pospoñendo. E agora para a terceira parte xa lles dixeran que non ían pasar outros seis anos. Para este ano non, pero en 2027 si debería estar.

Será unha saga?

Unha triloxía, iso é o que pensamos. Cando me poña a escribir a ver que sae. Nas sagas de ciencia ficción ou fantasía empézase por un libro e despois... Pero a idea é pechar a historia coa terceira.

Esta é unha distopía na que hai moito de feminismo e ecoloxismo... O mundo cambiou moito dese 2019, cando saíu a primeira parte, ata a actualidade. Isto nótase ao ler a novela ou notouno á hora de escribila?

Cando eu falo do colapso mundial do planeta, cando insinúo por que o mundo se foi á merda, moitas veces atopábame pensando *isto con Trump pode pasar pasado mañá ou dentro dunhas*

décadas, este señor pode inicialo. Entón si que vin que na primeira parte tiven que fabular un pouco máis e tiven que imaxinar máis do que agora para a segunda parte. Incluso parece que as democracias occidentais están en crise porque a extrema dereita está gañando moito espazo e todo iso parece o preludio do cataclismo. Tamén hai empresas que teñen moito máis poder que moitos países. Estiven revisando *Senlleiras* (Galaxia), que o escribín en 2017 e cambiou o mundo tantísimo desde aquela! Eu alucinei. Por exemplo, non había Tiktok. As influencers con moitos seguidores igual tiñan un millón, pero non era esta barbaridade de agora. E as redes sociais estaban, pero non como agora, que parecemos un pouco zombis. Nese aspecto si vin que cambiara moito e niso me basei... Hai unha parte do libro no que falo de megacorporacións, empresas que teñen máis poder que países enteiros. Se es unha empresa máis rica que moitos países, quen manda en ti? Ou mandas ti no país? Foi pensando niso, que 2018 e 2019 non era tan esaxerado como agora, que están todos rendíndolle pleitesía a Trump. E aquí en Europa queremos poñerlles límites ás grandes tecnolóxicas, pero ninguén se atreve. E rematarán por gobernarnos.

Así que pasamos dunha distopía a case un relato contemporáneo.

Un pouco si. E tamén está esa volta non ao analóxico, pero si a repetir a historia. Agora supostamente volve poñerse de moda non conectarse tanto ás redes e reivindicar a vida de antes, a desconexión tecnolóxica, pero as redes tamén teñen as súas cousas boas, na súa xusta medida. Iso tamén se reflicte no libro, no sentido de que moita xente di que o tempo pasado foi mellor, pero nalgúns cousas realmente non. Tamén no libro hai esa crítica a unha sociedade que dicía que os nosos antepasados estaban en contacto directo coa natureza. Facían cousas ben e cousas mal, como en todos lados.

***Be Water II*, ao igual que a primeira parte, está protagonizada por mulleres valentes, afoutas. Como cambian estas personaxes nesta segunda entrega?**

Seguen estando Iolanda e a súa filla, Lucrecia. Tamén Aquiles e a Raíña. E hai unha serie de personaxes novos, porque Iolanda chegou ao Exterior e descubre que hai redutos de persoas, grupos de xente do Exterior. Hai sobre todo tres personaxes máis [Eva, Adán e Arisia], sobre todo dous xemelgos, con bastante protagonismo.

Aínda que as historias son diferentes aos dúas *Be Water* teñen en común coa túa novela anterior, *O clan das Barbies* (Xerais, 2024) a distopía, personaxes femininos valentes, un pouco de violencia... Ata que punto hai loita nesta?

Hai algunha loita, non desmesurada, hai resistencia, e hai rebelión, pero tamén está o conflito de se os cambios de réxime se fan a través da violencia ou se hai cambios de réxime pacíficos. E se o mundo vai mal, se se pode cambiar sen violencia. Ou se sempre hai que loitar, ou se é mellor marchar, porque non estás de acordo co que se fai. Eses debates morais están aí.

E tamén se fala da precariedade.

Si, sobre todo na Colmea. Supostamente a vida no Exterior é máis igualitaria, Non é tan escrava como na Colmea, que é unha sociedade estamental. Fóra intentan facelo máis igualitario, pero toda forma de organizar a sociedade ten pros e contras. Volve haber xente que quere o poder, á que cuestionan para que o quere, se é lícito que só o teña unha persoa... Os vellos debates da humanidade.

E como calan estes debates entre a xuventude? Porque esta é unha novela xuvenil. Como é a resposta nos institutos?

Pois de *Be Water II* aínda non teño moito feedback porque saíu hai unhas semanas, non fixemos clubs de lectura nin charlas. Pero si coa primeira parte, e cando lles digo que hai segunda si que se alegran e queren lela.

E coa primeira parte? Porque co que cambiou o mundo nos últimos sete anos, tendo en conta que esta rapazada era moi pequena daquela, non sei se é consciente desta deriva no mundo. Ou ve a historia máis preto da realidade?

Con *Be Water I* pasa que como é para a franxa de idade de 13-15 anos, falan moito menos que os de 1º da ESO, por exemplo. Ou en Bacharelato tamén falan máis, pero a esa idade cústame moito que falen. Están no límite de ser conscientes de canto lles afecta a política. De pensar que é unha cousa de maiores a ver que nos afecta a todos. O día de mañá, máis pronto que tarde, exercerán o seu dereito a voto e teñen que saber o que acontece no mundo. Están no límite entre pensar que o mundo é o seu, o que eles ven, e pensar que é moito máis, ver que pasa a nivel global. Co que máis conectan é co tema medioambiental. As novas xeracións están moito máis concienciadas con iso que a miña ou a de meus pais. Aí si que atopo que lles interesa moito.